

1. A partir da lectura do seguinte texto explica as causas da guerra de Independencia de Estados Unidos, distinguindo causas profundas (estruturais) e causas inmediatas (coxunturais). (B3.2.1.)

A rivalidade colonial franco-británica en América do Norte debíase ao interese mutuo por facerse co control desta parte do continente e quedou definitivamente resolta na guerra dos Sete Anos (1756-1763). Acabou coa vitoria de Inglaterra, que recibiu os territorios que ata entón supuxeran unha ameaza para os establecementos británicos da costa atlántica. Ao facer a paz, o Goberno británico considerou oportuno que os colonos contribuísen aos gastos da defensa do continente. Durante unha década (1764-1773) o Parlamento tentou sen éxito introducir novos impostos: primeiro, sobre todos os documentos xurídicos (Stamp Act, 1765); máis tarde, sobre outros produtos, como o cristal, o papel, o chumbo e o té (Townshens Acts, 1767). Pero os colonos rexeitáronos amparándose nun aforismo do Antigo Réxime, segundo o cal non hai imposición sen participación. Ao non contar con representantes no Parlamento británico, os colonos negáronse a admitir obrigacións ás que non deran o seu consentimento.

Aínda que Gran Bretaña reduciu as súas esixencias ata deixalas limitadas a un imposto sobre a exportación do té, os colonos provocaron unha proba de forza ao lanzar ao mar un cargamento de té no porto de Boston (Boston Tea Party, 1773). A resposta de Londres consistiu en catro decretos destinados a pechar o porto de Boston, reformar a Constitución de Massachusetts e a administración de xustiza, á vez que introducían a obrigación de abastecer ás tropas británicas. Denunciados como «intolerables», aqueles decretos foron a causa inmediata do comezo das hostilidades.

Miguel Artola, *Contemporánea: La historia desde 1776*, páx. 42

2. Explica as causas da Revolución Francesa, distinguindo entre causas políticoideolóxicas e causas socioeconómicas, causas profundas e causas inmediatas. (B3.3.1.)

3. Elabora un eixe cronolóxico cos seguintes acontecementos e explica a súa importancia histórica (antecedentes e consecuencias) para o proceso revolucionario: (B.3.3.2.)


a) Xuramento na Sala do Xogo de Pelota; b) Asalto á prisión da Bastilla; c) "O gran medo"; d) Fuga de Varennes; e) Os *sans-culottes* asaltan o palacio das Tullerías; f) Execución de Luís XVI; g) Sublevación na rexión de La Vendée; h) Golpe de Termidor (Robespierre guillotinado).

4. Observa o mapa e responde: (B.3.4.1.)

a. Que territorios gobernaba directamente Napoleón e cales eran gobernados por parentes seus?

b. Indica as principais derrotas sufridas por Napoleón (navais e terrestres), quen llas infrinxe, en que data se producen e que consecuencias teñen.


c. Explica a que feitos (causas e consecuencias dos mesmos) fan referencia a liña que bordea o continente e as frechas sinaladas cunha data.



5. Explica cales son os principios e obxectivos defendidos no Congreso de Viena e que consecuencias políticas e territoriais se derivan del. (B.3.5.1.)

6. Compara as tres ondas do ciclo revolucionario liberal (1820/30/48): causas, lugar de inicio e territorios afectados, ideoloxías implicadas e resultados. (B.3.6.1.)

7. Observa os mapas, completa as táboas e indica as diferenzas e semellanzas entre os procesos de unificación alemá e italiano. (B3.7.1.)



Unificación	Italia	Alemaña
Estado que a realiza		
Protagonistas		
Etapas		